

Monográfico
ECONOMÍA DA DESIGUALDADE

Coordinadores
ÁNGELA TROITIÑO COBAS / SEBASTIÁN VILLASANTE
Universidad de Santiago de Compostela

Logo dunha década de bonanza económica, a actual crise económico-financeira sacou á luz algunhas das carencias máis fundamentais da economía europea derivada do actual modelo neoliberal que a sustenta, debilidades que a Estratexia Europa 2020 se propuxo corrixir marcándose como prioridade a consecución dun crecemento intelixente, sostible e integrador. Un crecemento integrador significa darlles protagonismo ás persoas mediante altos niveis de emprego, investindo en cualificacións, loitando contra a pobreza e modernizando os mercados laborais e os sistemas de formación e de protección social [COM(2010) 2020 final, Bruxelas, 03/03/10].

Definidas as prioridades da Unión Europea (UE) para esta década, cómpre preguntarse se as políticas que se están aplicando son as adecuadas, adecuación que podemos tratar de medir a través dos resultados que aquelas están producindo tanto no conxunto da UE como en cada un dos Estados e rexións que a constitúen. Realmente na UE están procurando resolverse os graves problemas derivados da crise con medidas de severa austeridade, ou ben estas están servindo para sentar as bases dun novo modelo económico e social europeo máis desigual? Para explicar que se pode esperar do futuro, é necesario saber que está pasando no presente e que podemos aprender do pasado. Unha ampla literatura de estudos sobre a evolución da desigualdade económica nas últimas décadas, tanto a nivel mundial como europeo, apuntan resultados non favorables no ámbito distributivo. Mesmo nos anos en que a dimensión do crecemento económico experimentou –aparentemente– grandes progresos, a súa distribución parece ter favorecido especialmente ás clases sociais máis ricas que posúen unha concentración cada vez maior da renda en detrimento do resto da poboación.

As perspectivas de futuro non parecen moi alentadoras. Como indican S.P. Jenkins, A. Brandolini, J. Micklewright e B. Nolan (2011) no seu artigo “The Great Re-

cession and the Distribution of Household Income” presentado á *XIII European Conference of the Fondazione Rodolfo Debenedetti*, que tivo lugar en Palermo o 10 de setembro de 2011, a Gran Depresión dos anos trinta do pasado século tivo un forte impacto sobre a renda dos fogares, tanto na súa amplitude como na súa duración temporal. Aínda que na actualidade podería esperarse un efecto de características similares con incrementos da pobreza e da desigualdade, estes autores resaltan unha diferenza importante: o papel dos gobernos e o desenvolvemento do estado de benestar desde a Gran Depresión e, en parte, como resposta a ela.

As nacións ricas agora dispoñen dunha seguridade social que permite amortecer o impacto da crise sobre os máis pobres e programas para contrarrestar os efectos de riscos como o desemprego. Observan tamén que os países que teñen menos avanzado ou que viron derrubarse o seu estado de benestar presentan distribucións de renda menos estables, considerando moi probable que no medio e no longo prazo os cambios distributivos sexan máis profundos, debido especialmente aos efectos das medidas de consolidación fiscal que se están aplicando (recortes nos servizos públicos, cambios nos impostos indirectos...). Así pois, segundo o nivel de desenvolvemento do estado de benestar, uns países estarán mellor preparados para afrontar a crise ca outros. Se a isto lle sumamos que os menos preparados –España e outros países mediterráneos– son os que están padecendo unha crise máis severa, e que as políticas de axuste fiscal que se estiveron aplicando non só frearon a recuperación económica senón que tamén están desmantelando os seus xa menos desenvolvidos estados do benestar, o futuro móstrase, como mínimo, pouco esperanzador.

En palabras de Joseph E. Stiglitz (2012) [*El precio da desigualdad*. 2ª ed. Madrid: Taurus], os problemas actuais da economía española son consecuencia en gran medida da mesma mestura de ideoloxía e de intereses especiais que en Estados Unidos conduciu á liberalización e á desregulación dos mercados financeiros e á adopción de políticas neoliberais que contribuíron ao elevado nivel de desigualdade, inestabilidade e baixas taxas de crecemento. Supoñíase que estas políticas darían lugar a unha maior eficiencia e estabilidade, e que o crecemento se expandiría a toda a poboación. Pero, ao igual que en Estados Unidos, na maioría dos países da UE deuse un ensanchamento progresivo nas últimas décadas da distancia entre ricos e pobres, distancia que se está incrementando aínda máis na actualidade. En xeral, as crises son malas para a desigualdade. O elevado índice de desemprego forza os salarios á baixa, aumentando a pobreza, diminuindo o consumo e debilitando a economía. E como a austeridade diseminouse como un dogma de fe entre os responsables económicos e políticos, recórtanse os programas sociais, que son esenciais para o mantemento do benestar da poboación.

Este monográfico da *Revista Galega de Economía* titulado “Economía da desigualdade” procura reflexionar sobre o estado da desigualdade económica en xeral, así como sobre os efectos da crise actual, proporcionando análises teóricas e empíricas que inclúen casos de estudo non só a nivel internacional senón tamén no ámbito da UE, de España e de Galicia que, sen dúbida, contribuirán a un mellor co-

ñecemento do fenómeno que nos ocupa. Cómo se distribúen os bens e servizos resultantes dos procesos é unha cuestión que sempre lles preocupou aos economistas, tanto polas súas implicacións económicas como sociais na poboación. O progreso só se logra cando é compartido por todos, tanto polas xeracións presentes como polas futuras, cando realmente temos unha economía ao servizo da sociedade, e non ao revés.

As contribucións que a continuación se presentan analizan o fenómeno da desigualdade desde perspectivas diversas. Desde como o crecemento económico afecta á desigualdade do ingreso (hipótese de Kuznets) ou como a desigualdade pode influír no crecemento económico, ata análises máis empíricas sobre cal é a situación da desigualdade, da pobreza e/ou da exclusión social en países ou rexións concretas, e cal é a súa evolución nestes anos de grave crise económica.

Dentro do primeiro bloque de traballos con enfoques máis teóricos, na primeira contribución a este monográfico titulada “Desigualdade e crecemento económico. Círculos viciosos ou virtuosos?”, Ana Jesús López Menéndez e Frank A. Cowell analizan a relación entre crecemento e desigualdade en ambos os dous sentidos, tomando como base de datos a WIID do Banco Mundial. Por unha parte, os seus resultados empíricos non lles permiten apoiar en xeral a hipótese de Kuznets. Por outra, conclúen que o nivel de desigualdade non afecta significativamente ao crecemento económico, a pesar de que observan que nos niveis inferiores de renda a desigualdade prexudica o crecemento, sendo este efecto menos visible ou mesmo positivo para a desigualdade nas rendas altas.

No artigo “O patrón desigual de crecemento europeo: unha análise semiparamétrica a nivel rexional”, Daniel Rodríguez González e Xavier Vence Deza efectúan unha análise da relación entre a desigualdade e a renda dispoñible equivalente a nivel rexional na Unión Europea. O seu obxectivo consiste en contrastar o tipo de relación existente entre ambas as dúas variables, e así clarificar os resultados ambiguos existentes na literatura. Os autores conclúen que, en principio, o tipo de crecemento económico que tivo lugar en Europa foi xerador de desigualdades, cunha concentración da renda nas familias de ingresos altos e cun empeoramento das condicións dos traballadores de rendas baixas producido pola precariedade do traballo, pola redución dos salarios mínimos e polo emprego a tempo parcial, entre outros factores.

Na súa contribución “Estrutura produtiva, ciclo político e desigualdade: o caso de Uruguai, 2004-2011”, Luís Buendía García e Antonio Sanabria Martín avalían os efectos na diminución da desigualdade como resultado das recentes reformas aprobadas no país. Os resultados deste traballo indican que en Uruguai se alcanzaron melloras substanciais na redución da desigualdade derivadas non só dunha fase expansiva de crecemento económico, senón tamén da adopción de programas sociais para loitar contra a pobreza. Os autores recomendan que estes cambios deberan converterse en verdadeiros motores das transformacións estruturais do país, con medidas como, entre outras, a diversificación da súa economía fundamentalmente agroexportadora cara a outros sectores produtivos.

No seu traballo titulado “Sobre a congruencia dos datos de renda das Enquisas de Condicións de Vida e os de Contabilidade Nacional”, Francisco Callealta Barroso e Cristina Romero Gallardo mostran de forma detallada que existen notables diferenzas entre os agregados de rendas procedentes da *Encuesta de Condiciones de Vida* (ECV) do INE e os resultantes da Contabilidade Rexional de España para os fogares españois, en especial nos ámbitos das rendas do traballo por conta propia e da propiedade. Baseándose nesta evidencia, os autores formulan un método elemental e flexible para corrixir a infradeclaración de ingresos observada nos microdatos de renda da ECV, variable clave na maioría dos estudos sobre desigualdade e pobreza.

Dentro do bloque de traballos con enfoques máis empíricos dedicados á situación da desigualdade, pobreza e exclusión social en España, o traballo “Exclusión social nos fogares españois. Un estudo comparativo rexional durante o período 2004-2010”, realizado por Juana Domínguez Domínguez e José Javier Núñez Velázquez, formula a creación e aplicación dun indicador sintético que permite medir o grao de exclusión social tanto no ámbito español como nas diferentes comunidades autónomas. Os autores conclúen que se está producindo un incremento tanto da intensidade da pobreza como da pobreza severa, o que é indicativo de que os fogares que se atopan nos tramos máis baixos de renda son cada vez máis pobres.

Na súa contribución “Unha visión rexional da pobreza en España no marco da crise económica actual”, Alejandra María Feal Pérez, María José Piñeira Mantiñán, Rubén Camilo Lois González e Francisco Durán Villa analizan de forma exhaustiva varios indicadores socioeconómicos, e determinan que non só está aumentando o número de persoas baixo o nivel de pobreza en España, senón tamén que se está producindo un fenómeno de *desfeminización* da pobreza que afecta a mulleres e homes cada vez máis novos. A nivel territorial, este estudo demostra que as comunidades autónomas con maior nivel de pobreza tamén presentan un menor nivel de formación universitaria, maior abandono escolar e maiores índices de desemprego, sendo as comunidades autónomas do sur peninsular as máis afectadas e as que terán maiores dificultades para alcanzar os obxectivos da Estratexia Europea 2020.

Centrándonos no ámbito de Galicia, o traballo “Desigualdade e pobreza en Galicia nos anos 2007 e 2010. Como se distribúen os efectos da crise?”, realizado por Fernando Corbelle Cacabelos e Ángela Troitiño Cobas, evidencia que a actual crise económica está incrementando a desigualdade en Galicia, sendo o 10% da poboación de menores ingresos a que máis reduce a súa participación na renda total. Confírmase tamén o importante papel de freo no incremento da desigualdade e da pobreza que exercen as prestacións por desemprego, básicas especialmente para os niveis baixos de renda. Así mesmo, o mapa galego da desigualdade e da pobreza está modificándose, desprazándose das provincias interiores –tradicionalmente máis desigualitarias e empobrecidas– ás provincias atlánticas –que experimentan os maiores incrementos de pobreza–. Estes resultados parecen obedecer a que as

áreas interiores, cunha poboación máis avellentada, gozan de ingresos máis estables e igualitarios, mentres que aquelas máis atlánticas, con maiores niveis de poboación en idade de traballar, presentan uns ingresos moito máis dependentes das flutuacións económicas.

Pola súa parte, na súa contribución “Precariedade laboral-pobreza en Galicia en tempos de crise”, María Carmen Sánchez Sellero, Pedro Sánchez Sellero, María Montserrat Cruz González e Francisco Javier Sánchez Sellero analizan a intensidade dos ingresos regulares por idades, constatando que a idade e a intensidade de ingresos regulares non son variables independentes senón que entre elas existe unha asociación positiva, sendo os máis novos (de 18-24 anos) os que con maior frecuencia teñen asociada a categoría “ningún día de ingresos regulares”. Conclúen tamén que o número de fogares con ingresos baixos en Galicia aumentou, mentres que o número de fogares con ingresos máis altos diminuíu, sendo as persoas máis novas aquelas que presentan un nivel de emprego precario máis elevado, o que pon en evidencia que a actual crise económica está afectando de forma directa e inmediata ao nivel de ingresos, en especial aos colectivos máis vulnerables e indefensos da sociedade.

No seu traballo “Mercado de traballo, formación e exclusión social: análise da situación da poboación reclusa de Galicia”, María Barreiro Gen, Isabel Novo Corti e María Ramil Díaz enfocan a súa atención na poboación reclusa en Galicia como outro dos colectivos que potencialmente pode verse máis afectado pola exclusión social. A partir dun programa de enquisas e entrevistas realizadas a persoas que cumpren condena nos centros penitenciarios e de inserción social de Galicia, as autoras conclúen que existen factores claves como o nivel de estudos e a formación do individuo, así como as redes sociais coas que conta, que influirán de forma determinante na súa capacidade de inserción laboral e de integración na sociedade. Así mesmo, comprobaron que aqueles individuos que traballaban antes do seu ingreso penitenciario teñen máis confianza no futuro que lles espera ao abandonar a prisión, tanto no que se refire ao emprego como á súa adaptación á vida en xeral.

Finalmente, Rosa María Regueiro Ferreira, na súa contribución “As enerxías renovables e a sostibilidade: claves de acceso ao benestar?”, reflexiona sobre os beneficios das enerxías renovables con vistas a garantir o benestar das xeracións actuais e futuras. A enerxía é un factor de produción necesario para o avance da competitividade dos países e, por conseguinte, para reducir o seu nivel de pobreza e aumentar o seu benestar. A autora sinala que as enerxías renovables poden ter un papel relevante na redución da desigualdade e da pobreza, posto que contribúen a reducir os impactos negativos sobre o medio, cobren as deficiencias do sistema enerxético tradicional e permiten superar a escaseza enerxética.